

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 05 DE DECEMBRO DO 2024.

ASISTENTES:

<p><b>Presidente:</b> PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p><b>Membros que asisten:</b>  SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p><b>Interventor:</b> GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p><b>Membros que non asisten:</b>  MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Cinco de Decembro do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 28/11/2024

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/391**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/11/2024. DECRETO: "REQUERIMIENTO PARA LA JUSTIFICACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS, EN PRINCIPIO, ANORMALMENTE BAJAS, PRESENTADAS EN EL EXPEDIENTE PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LAS OBRAS "PUESTA EN VALOR DEL ENTORNO LITORAL DE AMEIXIDA". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION-EU, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA""



### 3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/406

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/11/2024. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE FIANZAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLO CONTRATO DE OBRAS "RENOVACIÓN DE SERVICIOS EN RÚA DO VILAR""

### 4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/407

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/11/2024. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE FIANZAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLO CONTRATO DE OBRAS "ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO CONSERVATORIO DE AGUIÑO: CREACIÓN DE APARCAMENTO E PAVIMENTACIÓN DA RÚA LINDEIRA, CAMBIO DE LOCALIZACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL E PINTADO DA FACHADA""

### 5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/408

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/11/2024. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE FIANZAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLO CONTRATO DE OBRAS "INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN RÚA DOS BOLOS (AGUIÑO)""

### 6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/409

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/11/2024. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE FIANZAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLO CONTRATO DE OBRAS "PAVIMENTACIÓN Y PLUVIALES EN LA CALLE TRANSVERSAL A LA AVENIDA RAMIRO CARREGAL""

### 7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/410

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/11/2024. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE FIANZAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLO CONTRATO DE OBRAS "PAVIMENTACIÓN Y PLUVIALES EN RÚA DO CASTRO""

### 8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Ofelia Costa Moledo

**Visto** o escrito presentado por **Ofelia Costa Moledo**, de data 03/12/2024 (Registro de entrada nº 29.476), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas – 1,00 m.), os días 07, 14, 21 e 28/12/2024, na Rúa Rosalía de



Castro (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Ofelia Costa Moledo** para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas – 1,00 m.), os días 07, 14, 21 e 28/12/2024, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### 9.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR COÑECEMENTO AO INICIO DE ACTIVIDADE – Complejo Martínez Torres, S.L.

*FINALIDADE DA ACTIVIDADE: Cafés e bares de categoría especial), (epígrafe IAE 673.1).*

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.*

*REFª CATASTRAL: 1014209NH0111S0001BE.*

*SITUACIÓN: Rúa Portugal nº 10, Ribeira.*

*PROMOTOR/A: COMPLEJO MARTINEZ TORRES, S.L., (CIF B15749799).*

*DOCUMENTACIÓN COMUNICACIÓN PREVIA: Proxecto de actividade de CAFÉ-CONCIERTO complementaria á actual de CAFETERÍA redactado polo Sr. Julián Suárez Méndez (arquitecto técnico, col nº 2.302) de maio de 2020 / Proxecto de instalacións redactado polo Sr. Ramón Romero Lojo, (enxeñeiro técnico industrial col. nº 2.070), visado polo COETICOR o día 19 de xuño de 2015, núm. 1.954/15-CO /Póliza de seguro de RC, de referencia 044158008. Aseguradora: Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. Tomador e asegurado: C. Martínez y Torres, S.L. / Informe acústico emitido pola entidade Virocem S.L., sinatura electrónica de data 14 de marzo de 2024, referencia A24070 / Informe acústico emitido pola entidade Virocem S.L., sinatura electrónica de data 22 de decembro de 2022, referencia A22326 / Solicitud de vertedura de data 22 de xuño de 2022 (entrada núm. 12.126) / Certificado de tratamento emitido pola empresa Recuperado de Vidrios Cotelo S.L., de data 30 de setembro de 2024, referido á recollida e tratamento de residuos código LER 20 01 02 procedentes do produtor Vidrieras Compostela S.L., obra Bar A Caseira en rúa Portugal, núm. 10, Ribeira / Certificado Final de Obra / Medición de Illamento Acústico / Boletín de Electricidade / Dirección de Obra de Instalación Eléctrica.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Vista a comunicación previa presentada pola entidade COMPLEJO MARTINEZ TORRES, S.L., (CIF B15749799), para inicio de actividade de Cafés e bares de categoría especial), (epígrafe IAE 673.1) complementaria á actual de cafetería, en instalacións sita na Rúa Portugal nº 10, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 1014209NH0111S0001BE, achegándose Proxecto de actividade de CAFÉ-CONCIERTO complementaria á actual de CAFETERÍA redactado polo Sr. Julián Suárez Méndez (arquitecto técnico, col nº 2.302) de maio de 2020, Proxecto de instalacións redactado polo Sr. Ramón Romero Lojo, (enxeñeiro técnico industrial col. nº 2.070), visado polo COETICOR o día 19 de xuño de 2015, núm. 1.954/15-CO, Póliza de seguro de RC, de referencia 044158008. Aseguradora: Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. Tomador e asegurado: C.



Martínez y Torres, S.L. Informe acústico emitido pola entidade Virocem S.L., sinatura electrónica de data 14 de marzo de 2024, referencia A24070, Informe acústico emitido pola entidade Virocem S.L., sinatura electrónica de data 22 de decembro de 2022, referencia A22326, Solicitud de vertedura de data 22 de xuño de 2022 (entrada núm. 12.126), Certificado de tratamento emitido pola empresa Recuperado de Vidrios Cotelos S.L., de data 30 de setembro de 2024, referido á recollida e tratamento de residuos código LER 20 01 02 procedentes do produtor Vidrieras Compostela S.L., obra Bar A Caseira en rúa Portugal, núm. 10, Ribeira, Certificado Final de Obra / Medición de Illamento Acústico, Boletín de Electricidade, Dirección de Obra de Instalación Eléctrica.

**SEGUNDO.-** Vista a dilixencia de comprobación favorable emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga para o inicio da actividade con sinatura de día 22 de outubro de 2024.

**TERCEIRO.-** Vista a dilixencia de comprobación favorable emitida polo arquitecto técnico municipal Emilio José Domínguez Rodríguez o día 28 de novembro de 2024.

### RESOLUCIÓN

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/11/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade presentada pola entidade *COMPLEJO MARTINEZ TORRES, S.L.*, para CAFÉS E BARES DE CATEGORÍA ESPECIAL), (epígrafe IAE 673.1) complementaria á actual de cafetería, en instalacións sita na Rúa Portugal nº 10, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 1014209NH0111S0001BE, nos termos do Proxecto de actividade de CAFÉ-CONCIERTO complementaria á actual de CAFETERÍA redactado polo Sr. Julián Suárez Méndez (arquitecto técnico, col nº 2.302) de maio de 2020, Proxecto de instalacións redactado polo Sr. Ramón Romero Lojo, (enxeñeiro técnico industrial col. nº 2.070), visado polo COETICOR o día 19 de xuño de 2015, núm. 1.954/15-CO, Póliza de seguro de RC, de referencia 044158008. Aseguradora: Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. Tomador e asegurado: C. Martínez y Torres, S.L. Informe acústico emitido pola entidade Virocem S.L., sinatura electrónica de data 14 de marzo de 2024, referencia A24070, Informe acústico emitido pola entidade Virocem S.L., sinatura electrónica de data 22 de decembro de 2022, referencia A22326, Solicitud de vertedura de data 22 de xuño de 2022 (entrada núm. 12.126), Certificado de tratamento emitido pola empresa Recuperado de Vidrios Cotelos S.L., de data 30 de setembro de 2024, referido á recollida e tratamento de residuos código LER 20 01 02 procedentes do produtor Vidrieras Compostela S.L., obra Bar A Caseira en rúa Portugal, núm. 10, Ribeira, Certificado Final de Obra, Medición de Illamento Acústico, Boletín de Electricidade, Dirección de Obra de Instalación Eléctrica.

**SEGUNDO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o



funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**TERCEIRO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**CUARTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

---

**10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

27165 04.11.2024 M<sup>a</sup> DOLORES FILGUEIRA FILGUEIRA, colocación de suelo no patio, no lugar de Montevixan, nº 84, Carreira

---

**11.- LICENZA MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA. LUGAR: LUGAR DE RÚA RABELO, Nº 56, A REVOLTA, RIBEIRA. PROMOTORA: M<sup>a</sup> CRISTINA FOLGUEIRA LÓPEZ**

**VISTA** a solicitude de licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, LUGAR DE RÚA RABELO, Nº 56, A REVOLTA (RIBEIRA)**, da que é promotora Dna. María Cristina Folgueira López

**VISTO** o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **11 de outubro de 2024**.



**VISTO** a Acta e plano de cesión así como informe emitido pola enxeñeira municipal os días **7 e 15 de novembro de 2024**, en relación á superficie de **99,50 m<sup>2</sup> de cesión** a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, contemplando unha **fianza** para responder polos servizos urbanísticos a completar de **4.277,66 €**.

**VISTO** o contrato de cesión asinado o día **29 de novembro de 2024** por Dna. M<sup>a</sup> Cristina Folgueira López polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **99,50 m<sup>2</sup>** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

**VISTO** o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **2 de decembro de 2024**,

**VISTO** o informe emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **2 de decembro de 2024**

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a Dna.Cristina Folgueira López **LICENZA DE OBRAS Nº 45/24)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** na Rúa Rabelo nº 56, A Revolta, Castiñeiras, Ribeira, en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A01900472, nos termos do Proxecto Básico con sinatura dixital de data 28 de maio de 2024 e do Anexo I ao Proxecto Básico con sinatura dixital de data 8 de outubro de 2024 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128):

*-Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.*

*-En relación á superficie **cedida a dominio e uso público afectada por aliñeacións de 99,50 m<sup>2</sup>**, deberá de **completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos** previa o **simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente**. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal **unha fianza de 4.277,66 €. en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**.*

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241449413
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/12/2024	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/12/2024	Fecha: 09/12/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 11:19:35		Hora: 11:19



contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmобles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

**QUINTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241449413
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/12/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/12/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 11:19:35		Fecha: 09/12/2024 Hora: 11:19



*xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*

- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:





- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

**DÉCIMO PRIMEIRO**:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

## 12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José María Álvarez Palacios

**Visto** o escrito presentado por **José María Álvarez Palacios**, de data 27/11/2024 (Registro de entrada nº 28.960), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 0818204NH0101N3001RI e sita na Ada do Malecón nº 31-B, 2º-B, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/11/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0818204NH0101N3001RI e sita na Ada do Malecón nº 31-B, 2º-B, Ribeira.

## 13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Lucía Álvarez Sampedro

**Visto** o escrito presentado por **Lucía Álvarez Sampedro**, de data 27/11/2024 (Registro de entrada nº 28.960), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 0818204NH0101N0003SH e sita na Ada do Malecón nº 31-B, 2º-A, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/11/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0818204NH0101N0003SH e sita na Ada do Malecón nº 31-B, 2º-A, Ribeira.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241449413
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/12/2024		Fecha: 09/12/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/12/2024		Hora: 11:19
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 11:19:35		



#### 14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

22804 13.09.2024 ANA MARTÍN LAREU, licenza de primeira ocupación para vivenda situada na Punta da Barca, lugar de A Cerca, Aguiño.

#### 15.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. MARCOS GARCÍA SOÑORA POLAS LESIÓNS SUFRIDAS COMO CONSECUENCIA DA ROTURA DUN CRISTAL NO CENTRO DE RAQUETA DO CONCELLO DE RIBEIRA. EXPEDIENTE 2023 RESP000020

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. MARCOS GARCÍA SOÑORA**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

**Primeiro.-** O día 01 de abril de 2.023, D. Marcos García Soñora, con DNI número 79.330.589-R, atopábase xogando un partido de pádel nas instalacións do Centro de Raqueta de Coroso, cando, nun lance de xogo, impactou contra unha das paredes de cristal producíndose a rotura da mesma, e ocasionándolle diversas lesións, das que tivo que ser atendido no servizo de urxencias do Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron “*herida incisocontusa con afectación tendinosa*”.

**Segundo.-** Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 27/04/2023 co número 2023 00010510, D. Marcos García Soñora, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola rotura da referida parede de cristal, alegando que a rotura se produciu por un defecto na montaxe dos citados cristais e concretando as lesións producidas nas seguintes: “*herida incisa en dorso de mano esquerda*”; “*sección completa de extensor de 3º dedo completa*”; “*lesión de unión interdinoso 3º e 4º dedos*”; “*sección parcial de fibras máis superficiais de tendones extensores de 4º y 5º dedos*”; “*cortes superficiais en pierna derecha*”; “*lesión incisa superficial en antebrazo izquierdo*.”

Co citado escrito achega tres fotografías do cristal roto, dous informes do Hospital do Barbanza e copia do seu DNI.

**Terceiro.-** Mediante escrito rexistrado de entrada na data 31/08/2023 co número 2023 00019776, e a requirimento desta Administración, o reclamante indica a indemnización solicitada que cuantifica na contía total de 11.378,18 euros, que desglosa no conceptos referidos a continuación, ós que habería que engadir 165 euros dos gastos de sesións de fisioterapia:

- 30 días de prexuízo moderado x 61,89 euros = 1.856,70 euros.



- 90 días de prexuízo básico x 35,71 euros = 3.213,90 euros.
- Secuela estética: prexuízo estético lixeiro (5 puntos – 38 anos) = 6.307,58 euros.

Co citado escrito achega dúas fotografías da man na que sufriu as lesións; un informe emitido na data 29/08/2024 pola fisioterapeuta, María Núñez Rama, de “Fisiotambre”; e a factura das sesións de fisioterapia emitidas por “Fisiotambre”.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 25/09/2024 polo técnico do departamento de deportes.
- Informe emitido na data 25/09/2024 pola enxeñeira municipal.
- Informe elaborado polo doutor Alberto Jorge Mora na data 18/01/2024, que achega o reclamante no período de proba mediante escrito rexistrado de entrada na data 24/01/2024 co número 2024 00001882, e no que se dispón o seguinte no apartado de análise técnico:

**“01/04/2023:** El paciente sufre un accidente que requiere inmovilización con férula tras un procedimiento quirúrgico completado por un especialista en Cirugía Ortopédica y Traumatología.

**05/05/2023:** El paciente inicia el proceso rehabilitador en fisioterapia y la movilización.

**31/07/2023:** El paciente es dado de alta en fisioterapia.

Por tanto se propone como fecha de estabilización el 31/07/2023, momento en el que el paciente es dado de alta. Ello implica 122 días de sanidad.

De acuerdo con el artículo 138 de la Ley 35/2015 se marcan los siguientes períodos:

- Perjuicio personal moderado: 34 días.
- Perjuicio personal básico: 88 días.

De acuerdo con la Ley 35/2015 se establece por asimilación el siguiente baremo:

- 01093 lesión sensitiva a nivel de muñeca sin afectación de extensores 2-4 puntos: 2 puntos (disestesias en dorso de muñeca-mano).
- 11001 perjuicio estético Ligero 1-6 puntos: 5 puntos (cicatriz en zona visible de 5 cm con material palpable).”

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte do reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 16/10/2024 co número 2024 00025801, no que se reitera a postura mantida no seu escrito inicial, manifestando algunhas precisións no que respecta á causa da rotura do cristal, pois alega que foi debida á falta de mantemento do mesmo. Acompaña ó seu escrito de alegacións a declaración de dúas testemuñas do sucedido que afirman que o impacto do Sr. García Soñora contra o cristal foi normal e que este, tras bater contra aquel, se mantivo de pe na pista, de costas ó cristal, que lle caeu enriba, ocasionándolle cortes nun brazo e nunha perna.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-**



A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

**Segundo.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Terceiro.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800161DC500E0U2Q0N2H3W6 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p align="center"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/12/2024</p> <p>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/12/2024</p> <p>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 11:19:35</p>	<p>DOCUMENTO: 20241449413</p> <p>Fecha: 09/12/2024</p> <p>Hora: 11:19</p>
---	--	---



producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**Cuarto.-**

En referencia agora ó presente caso, está lexitimado o Sr. Marcos García Soñora para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende, por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 01/04/2023, cando participaba na celebración dun partido de pádel nas instalacións do Centro de Raqueta de Coroso, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, dado que o dano atribúese a unhas instalacións municipais. A este respecto pode traerse a colación o artigo 25.2, apartado l) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, conforme ó cal o municipio ostenta a competencia relativa a *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*. En todo caso, existise ou non tal precepto, o resultado sería o mesmo, tratándose dunha instalación municipal.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas polo Sr. García Soñora. Así se deduce dos partes médicos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto o reclamante conecta as súas lesións cun defecto na montaxe ou no mantemento dos cristais da pista de pádel na que tivo lugar o accidente polo que se reclama.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **O técnico do departamento de deportes**, en informe realizado na data 25/09/2024 dispón o seguinte *“O día 1 de abril de 2023, mentres se disputaba un partido no Centro de Raqueta de Coroso (instalación de titularidade municipal), correspondente á liga Galega de 4ª categoría masculina de pádel por equipos, entorno ás 11:00 horas, nun lance de xogo, tivo lugar a rotura dun cristal dunha das pistas de pádel, concretamente un cristal do fondo da pista nº 4, provocando lesións e unha das persoas que estaban xogando nese momento (D. Marcos García Soñora). O Club Pádel Ribeira, era o club que tiña cedido a instalación esa fin de semana para a disputa dos seus encontros de liga. No momento que ocorreu o accidente, avisaron ao técnico de deportes do Concello para que tivese coñecemento do incidente, informándolle que o sucedido fora debido a que un xogador impactou contra o fondo dunha das pistas, rompendo o cristal e como consecuencia, producíndose cortes nun brazo. O técnico de deportes desprazouse á instalación para ver de primeira man o sucedido e proceder ao peche da pista afectada. Durante a semana seguinte á rotura, procedeuse á colocación do cristal roto. Para este fin, o Departamento de Deportes do Concello de Ribeira, púxose en contacto con “ATB GLASS” (...), autónomo especializado no sector (...). Dende o Departamento de Deportes do Concello de Ribeira, non podemos afirmar que o motivo da rotura do cristal fora debida a que estivese mal colocado. O que si podemos dicir, é que aínda que non sexa habitual, debido a lances do xogo, cando un xogador se precipita con forza contra o cristal, este pode romper.”*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241449413
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/12/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/12/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2024 11:19:35		Fecha: 09/12/2024 Hora: 11:19



- **A enxeñeira municipal**, en informe emitido na data 25/09/2024, dispón o seguinte:

*“INFORME: En relación al asunto en cuestión se informa cuanto sigue:*

a) Conocimiento de los hechos por los que se reclama: No se tuvo conocimiento de los hechos objeto de la reclamación.

b) Titularidad y estado de la instalación “Centro de Raqueta de Coroso”: **El Centro de Raqueta de Coroso es una instalación deportiva de titularidad municipal.** Anteriormente era un polideportivo que se reconvirtió en un centro de raqueta con 4 pistas de pádel. Las obras se iniciaron en septiembre de 2013 y finalizaron en marzo de 2014, funcionando, desde entonces, con total normalidad.

*El cierre de las 4 pistas de pádel es a base de vidrio templado, que es un tipo de vidrio de seguridad, procesado por tratamientos térmicos o químicos, para aumentar su resistencia en comparación con el vidrio normal. Así, gracias a esos tratamientos, cuando el vidrio se rompe se desmenuza en trozos pequeños granulares en lugar de astillar en grandes fragmentos dentados, y estos trozos granulares tienen menos probabilidades de causar lesiones.*

*En las fotografías del vidrio roto que el propio reclamante adjunta con su reclamación se pueden ver perfectamente los pequeños trozos de cristal como si fueran bolas de granizo.*

c) Causa de la rotura del vidrio en la instalación deportiva municipal: El reclamante afirma en su reclamación que: “La rotura se produjo por un defecto en el montaje de dichos cristales, tal como se puede apreciar en unas de las fotografías que se aportan”.

*Frente a esta manifestación del reclamante, que no resulta en absoluto probada ya que en las fotografías que adjunta el reclamante solamente se aprecian los pequeños trozos de vidrio tras su rotura, es necesario afirmar con rotundidad que no había defecto alguno en la colocación o montaje de los citados vidrios, porque las pistas de pádel llevan funcionando 9 años (desde el año 2014) con un uso constante por parte de los usuarios, y en todo este tiempo no se han cambiado los cristales en la pista en la que se produjo el accidente. Si hubiera habido un defecto en su colocación, el vidrio no hubiera aguantado 9 años, y menos con el uso continuo que se hace de estas pistas, que tienen una gran demanda debido al auge de una actividad deportiva como es el pádel en la que los cristales sufren constantemente muchos golpes o envites, ya que en este juego es habitual que la pelota choque contra el cristal y también los propios jugadores.*

*Como ejemplo de lo referido, y consultados los archivos correspondientes, se concreta que, desde el inicio del funcionamiento de las pistas de pádel, se han roto 3 cristales de 3 pistas diferentes: una rotura en la pista 2, otra en la pista 3 y otra en la pista 4. En esta última fue precisamente donde ocurrió el accidente por el que se reclama y el vidrio se cambió, por primera vez, como consecuencia del accidente del Sr. García Soñora.*

d) Probable causa del accidente: Como ya he referido en el apartado anterior, **en el juego del pádel es habitual que los jugadores choquen contra el vidrio, lo que es menos habitual es que el vidrio rompa y lo**



*que es todavía mucho menos frecuente es que esa rotura pueda causar lesiones debido a las características del vidrio templado a las que he hecho referencia en el apartado b). Para que se produzca la rotura del cristal la persona que impacta contra la pared de vidrio tiene que hacerlo con mucha fuerza, que debió de ser lo que con toda probabilidad sucedió en este caso: el reclamante fue con mucha fuerza contra la pared, ese fuerte impacto rompió el vidrio y a su vez esa fuerza en el choque probablemente hizo que se cayera al suelo donde se produjeron las lesiones objeto de la reclamación, porque empleando una fuerza normal lo lógico es que, aunque rompa el vidrio, que puede suceder, la persona no sufra ningún tipo de lesión por la forma en que se rompen este tipo de cristales.*

- e) *Actuaciones para su reparación: A través del departamento de deportes del Ayuntamiento de Ribeira se ha procedido a la colocación de un nuevo vidrio.*
- f) *Otras cuestiones: No se tiene nada más que añadir, solamente matizar que no se han recibido quejas del funcionamiento de las pistas de pádel en este sentido y que en las roturas del vidrio de las pistas 2 y 3 no se han producido ningún tipo de lesiones."*

Da análise das probas referidas, extraemos as seguintes conclusións:

- Que o reclamante se atopaba xogando na pista de pádel municipal no momento en que o cristal da mesma se rompe, producíndolle diversos cortes, que precisaron de asistencia médica.
- Que non resulta acreditado que a rotura do cristal fose debido a un defecto na montaxe ou instalación do mesmo, nin a un defecto no seu mantemento, pois esta é unha simple afirmación que realiza o reclamante tras coñecer o contido do informe emitido pola enxeñeira municipal, que pon de manifesto a inexistencia de defecto algún na montaxe do cristal.
- Que o cristal era o axeitado para o uso deportivo da instalación.
- Que aínda así o cristal é susceptible de romper.
- Que non resulta acreditado a existencia dun comportamento negligente por parte do reclamante.

Sentado o anterior, **aínda así debemos concluir que as lesións padecidas polo reclamante foron como consecuencia do funcionamento do servizo público municipal**, aínda cando a instalación do cristal fora correctamente realizada e o mantemento da pista, no seu conxunto, fose o adecuado.

**Isto é, a pesar do referido pola enxeñeira municipal no seu informe, en aplicación do principio de obxectividade da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, que implica que a responsabilidade nace á marxe de toda idea de culpa ou ilegalidade, o que trae como consecuencia que o Concello deba responder das lesións causadas a consecuencia do funcionamento do servizo público.** Ademais, debese ter en conta que segundo os informes emitidos e aínda que non sexa o habitual ou sexa unha excepción, si atendemos ó referido pola enxeñeira municipal, os cristais da pista de pádel poden chegar a romper, xa que son produtos suxeitos a reiterados esforzos estruturais e impactos constantes.

Con respecto ó **quantum indemnizatorio**, cómpre proceder á análise da contía solicitada polo reclamante, tendo en conta que, en relación ós danos persoais, debemos



acudir á Lei 35/2015, de 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación, coa actualización que corresponde ó ano 2023, que foi o ano no que tivo lugar o accidente polo que se reclama.

Así, en canto ás **lesións físicas**, en informe médico que achega o reclamante dispónse que a data na que remata o proceso de rehabilitación é o 31/07/2023, o que da como resultado que se empregaran 122 días na curación das lesións (desde a data 01/04/2023 na que tivo lugar o accidente ata o 31/07/2023 data na que remata a rehabilitación). Deses 122 días de curación, en aplicación do artigo 138 da Lei 35/2015, e segundo o informe médico citado, 34 días son de prexuízo persoal moderado, e os 88 días restantes, son de prexuízo persoal básico. Con estes datos médicos en aplicando os artigos 136, 137 e 138 da Lei 35/2015, coa actualización das contías respecto do ano 2023, temos que:

- 34 días de prexuízo persoal moderado x 61,89 euros = 2.104,26 euros.
- 88 días de prexuízo persoal básico x 35,71 euros = 3.142,48 euros.
- **Total por este concepto = 5.246,74 euros.**

Polo que respecta ás secuelas alegadas polo reclamante, no informe médico acredítanse as seguintes secuelas:

*“De acordo con la Ley 35/2015 se establece por asimilación el siguiente baremo:*

- o *01093 lesión sensitiva a nivel de muñeca sin afectación de extensores 2-4 puntos: 2 puntos (disestesias en dorso de muñeca-mano).*
- o *11001 perjuicio estético Ligero 1-6 puntos: 5 puntos (cicatriz en zona visible de 5 cm con material palpable).”*

En aplicación da normativa anteriormente citada, en tendo en conta a idade do reclamante na data do accidente (38 anos), corresponderíalle a seguinte indemnización:

- 5.177,72 euros polo prexuízo estético valorado con 5 puntos.
- 1.942,34 euros pola lesión sensitiva valorada con 2 puntos.
- **Total por este concepto = 7.120,06 euros.**

Por último, **habería que engadir os gastos das sesións de fisioterapia que ascenden á contía de 165 euros**, segundo se acredita polo reclamante coa factura de data 30/08/2023 37/23, emitida polo centro de fisioterapia Fisiotambre.

Sumando as contías por todos os conceptos expostos, procede recoñecer ó reclamante unha indemnización total por un importe de **12.531,8 euros**.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 29/11/2024, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/11/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Marcos García Soñora, polas lesións sufridas como consecuencia da rotura dunha parede de cristal no Centro de Raqueta de Coroso, na contía de 12.531,8 euros.**





No abono da referida contía corresponde ó Concello o pago ó reclamante de 150 euros, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas na data da caída, correspondendo á citada entidade aseguradora o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 12.381,8 euros.

## 16.- AUTORIZACIÓN CESIÓN DE USO DO POLIDEPORTIVO TORRES COLOMER Á EMPRESA CONGALSA S.L. PARA A CELEBRACIÓN DA CEA DE EMPRESA

**LOGO DE VER** que D. Juan Carlos Rama Bermúdez, con DNI: \*\*\*792\*\*\*, en representación da empresa “Congalsa S.L.”, presenta escrito de data 12-11-2024, con número de rexistro de entrada municipal 27.848, solicitando:

*“O uso do polideportivo municipal Torres Colomer, para a celebración do evento (cea empresa) de Congalsa os vindeiros días 20 e 21 (pola mañá) de decembro de 2024”.*

**E DE VER** o informe-proposta do técnico de Deportes municipal de data 25-11-24, así como a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 25/11/2024, favorables á mesma con condicionantes.

De conformidade co previsto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) e o Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos; **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a cesión do polideportivo Torres Colomer, á empresa Congalsa S.L nos días e horarios solicitados, venres 20 de decembro (montaxe e celebración do evento) e sábado 21 de decembro (desmontaxe de infraestrutura) cos seguintes condicionantes:

1º) Deberá proceder ao pago da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9), que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F polo importe de **1.290,30 euros** (860,20 € xornada completa + 430,10 media xornada) con unha anterioridade mínima de 48 horas á celebración do evento, previa liquidación da Tesouraría municipal segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza Fiscal. Tamén deberá facer o pago da taxa correspondente á recollida de basura de instalacións deportivas, por un importe de **77,74 euros**.

2º) Deberá achegar á Oficina de Deportes con unha antelación mínima de 48 horas á celebración do Evento a seguinte documentación:

- 1 – Xustificante de pago da taxa especificada no apartado anterior (1.290,30 € + 77,74 €).
- 2 – Copia da póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa.
- 3 – Copia do recibo do pago desa póliza.
- 4 – Declaración responsable asinada polo promotor de evento, comprometéndose a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego (limpeza e orde), respondendo dos danos que puideran orixinarse por un uso inadecuado.

De no achegar a documentación indicada no prazo previsto, non poderá acceder ás instalacións.



Aprobar a liquidación por importe de **1.290,30 euros** (860,20 € xornada completa + 430,10 media xornada) que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) máis **77,74 euros** correspondentes a taxa de recollida de basura de instalacións deportivas municipais), dando conta do presente acordo á Tesouraría municipal para emitir á Carta de Pago correspondente.

Notificar o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan.

---

### 17.- SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN CRUCE DA RÚA SORRIBAS COA AVENIDA DA CORUÑA (RIBEIRA)

**Vista** a proposta remitida pola Policía Local, a instancia do concelleiro Xavier Vidal Peón, de data 27/11/2024, relativa á sinalización horizontal da Rúa Sorribas coa Avenida da Coruña (Ribeira).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a proposta de sinalización horizontal da Rúa Sorribas coa Avenida da Coruña (Ribeira), co fin de determinar os carrís de circulación desa vía e separados dos carrís de acceso/saída da zona de estacionamento do Hiper Gadis e o seu garaxe de utilización pública, debendo pintar as marcas viarias de separación dos carrís no acceso á Rúa Sorribas mediante liña lonxitudinal contínua, un cebreado ou liña “ancha” a modo de mediana para separar esa vía do carril de acceso a zona de estacionamento do hipermercado, e as liñas de detención para respectar os respectivos sinais de “STOP”, segundo o sinalado na citada proposta policial.

---

### 18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Peón González (LIVERPOOL)

**VISTO** o escrito presentado por **Fernando Peón González** en representación establecemento “Liverpool Music Club” (Ribeira), de data 29/11/2024 (Rexistro de entrada nº 29.132), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), os días 05, 06, 07, 12, 19, 21, 26 e 27/12/2024, en horario de 21:30 h. a 23:30 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a Fernando Peón González, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), os días 05, 06, 07, 12, 19, 21, 26 e 27/12/2024, en horario de 21:30 h. a 23:30 h.

-Deberá cumprir coa normativa autonómica en canto ao número de actuación ao ano.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Liverpool Music Club” (Ribeira) (Fernando Peón González), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á



persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

#### **19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María del Mar Pego Santos (REVIRAVOLTA)**

**VISTO** o escrito presentado por **María del Mar Pego Santos** en representación establecemento “Bar Reviravolta” (Olveira), de data 02/12/2024 (Rexistro de entrada nº 29.208), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Bar Reviravolta” (Olveira), os días 09, 20 e 28/12/2024.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a María del Mar Pego Santos, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Bar Reviravolta” (Olveira), os días 09, 20 e 28/12/2024.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Reviravolta” (Olveira) (María del Mar Pego Santos), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas*



*actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



## 20.- APROBACIÓN DA CELEBRACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE NADAL 2024/2025

Vista a proposta da Alcaldía, de data 02/12/2024, relativa á aprobación da programación de Nadal 2024/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar a celebración da programación de Nadal 2024/2025, segundo o contido da citada proposta.
- Dar traslado desta programación á Policía Local e Gaem aos efectos de solicitar a súa colaboración para garantir o desenvolvemento ordenado das principais actividades, fundamentalmente as que teñen lugar ao aire libre e/ou aquelas nas que sexa preciso.

---

## 21.- SOLICITUDE LOCAL MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN EVENTO BENÉFICO – Natalia Gil García

Visto o escrito presentado por **Natalia Gil García**, de data 20/11/2024 (Registro de entrada nº 28.514), no que solicita a cesión de uso dun local municipal para a celebración dun mercadillo/merenda solidaria (III Mercadillo Solidario) co fin de recadar fondos para os afectados pola Dana, que se celebrará o día 08/12/2024, en horario de 15:00 h, a 20:30 h.; así como tamén solicita 10 mesas pregables e 100 cadeiras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar/comunicar á solicitante que:

- **Autorizar** a cesión de uso da 1ª planta da Praza de Abastos Municipal de Ribeira para a celebración dun mercadillo/merenda solidaria (III Mercadillo Solidario) co fin de recadar fondos para os afectados pola Dana, que se celebrará o día 08/12/2024, en horario de 15:00 h, a 20:30 h.
- **Autorizar** a cesión de uso de 10 mesas pregables e 100 cadeiras para o desenvolvemento do citado evento.
- Dar traslado deste acordo á interesada para o seu coñecemento.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

